

Homero

A *Ilíada* é un poema épico atribuído a Homero, poeta grego que tería vivido cara o século IX/VIII antes de Cristo na Costa de Asia Menor; relata un episodio da guerra de Troia, unha guerra na que os aqueos ou gregos tomaron e destruíron a cidade de Troia en Asia Menor. O mesmo poeta sería tamén autor da *Odisea*, unha especie de continuación da *Ilíada*, xa que nos relata as aventuras de Odiseo ou Ulises no seu regreso á patria, Ítaca, despois da guerra de Troia.

Homero e a súa personalidade segue a ser para nós un misterio: acotío se nos representa coma un vello cego que cantaba os seus poemas, un aedo, pero dubídase mesmo da súa existencia. Tería nacido en Quíos ou Esmirna, hoxe Turquía, na época arcaica.

A *Ilíada* e a *Odisea* son poemas épicos ou epopeas: relatos de tradición oral, compostas basicamente en dialecto xonio, en versos chamados hexámetros dactílicos. Relatan as aventuras e desventuras dos heroes sometidos á vontade dos deuses. O carácter oral vén marcado pola repetición de versos e epítetos.

Aínda que o esencial destes poemas fose composto por Homero, tamén é certo que outros poetas os completaron e modificaron cando ían de vila en vila cantándoos.

A historia

A historia contada por Homero tería lugar cara o 1230 ou 1200 a. C. Durante a civilización micénica, é dicir, moito antes de Homero. Os gregos do Peloponeso, chamados “aqueos” por Homero, desenvolveran unha civilización en torno a Micenas, unha cidade próspera, “rica en ouro”, tal e como revelaron milenios máis tarde as escavacións das tumbas reais. Estes aqueos emprenderon unha guerra contra a cidade de Ilión, tamén chamada Troia ao outro lado do mar Exeo.

Non é doado saber se a Guerra de Troia tivo ou non lugar, pero a cidade excavada por Schliemann no s. XIX pode que se corresponda coa cidade descrita por Homero, igual que sucedeu logo coa cidade de Micenas, descuberta tamén polo mesmo arqueólogo.

A lenda

Segundo a mitoloxía, o príncipe troiano Paris foi recompensado por Afrodita por tela designado



O xuízo de Paris (1904) Simonet.

coma a deusa máis fermosa cando lle entregou a mazá que a deusa da discordia deixara caer nun banquete, co amor da máis fermosa das mortais: Helena, a esposa do rei Menelao de Esparta. Nunha visita a Esparta, o príncipe Paris rapta a Helena e lévaa con el a Troia. Menelao pide axuda a seu irmán Agamenón, que convoca a todos os reis para ir contra Troia a recuperar a Helena.

As murallas de Troia, construídas polos deuses e a valentía dos heroes troianos fixeron que a guerra se prolongase durante dez anos. Despois de que, mediante un engano, conseguiran tomar a cidade, os aqueos regresan á casa, entre eles, Odiseo.

A Odisea

É unha epopea, longo poema épico, de case 12.000 versos agrupados en XXIV cantos. En certo modo é unha especie de continuación da Ilíada posto que relata o regreso dun dos heroes da Guerra de Troia, Odiseo/Ulises, á súa patria Ítaca, despois de dez anos de ausencia. A parte central do poema (cantos do V ao XIII) ten como tema a longa viaxe por mar e as aventuras que teñen lugar durante outros dez anos que dura esa viaxe. Este relato da viaxe polo Mediterráneo mestura o real co sobrenatural, a historia coas lendas populares de lugares e monstros.



As viaxes de Odiseo. Moitos estudosos intentaron situalas nun mapa real